

Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 25 de abril de 2016

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
AllegueAguete, Pilar
Aneiros Pereira, Jaime
Barreiro Carril, M^a Cruz
Fernández Acevedo, Rafael
Torres Pérez, Francisco

Arias Martínez, M^a Antonia
Barahona Martín, Magdalena
BergarecheGros, Almudena
Bravo Bosch, María José
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
García Gestoso, Noemí
Ibáñez Paz, Regina
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Muleiro Parada, Luis Miguel
Orge Míguez, José Carlos
Rodríguez Damián, Amparo
Ruiz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar

MontesinosPadilla, Carmen
Pacho Blanco, José Manuel

Fernández García, Heitor
García Espadín, Desirée
Gil Vázquez, Zulema
López Troncoso, Tamara
Rivera González, Paula
Vázquez Fernández, Roberto

Castro Abreu, José Carlos de
García Freiría, Mónica
Rubianes Ferro, José Luis

López Prieto, María Nieves
Ramil Vázquez, Paula

Excusan asistencia:

Jiménez Alemán, Ángel Aday
Estévez Abeleira, Teresa

O 25 de abril de 2016, a las 13:30 horas en segunda convocatoria, deu comezo a reunión ordinaria da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día orden:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, do calendario do Centro para o curso 2016/17.
4. Aprobación, se procede, de horarios para o curso 2016/17.
5. Aprobación, se procede, do calendario de exames do Centro para o curso 2016/17.
6. Aprobación, se procede, da adaptación da normativa do dobre Grao ADE-Dereito á nova normativa do PCEO aprobada en Consello de Goberno e coas adaptacións introducidas por la Xunta de Facultade de CCEE..
7. Aprobación, se procede, da suspensión do Máster en Dereito de Empresa.
8. Rolda de intervencións.

1.Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

En relación coa acta da sesión anterior (15 de abril de 2016) esta Secretaria pon de manifesto un error no punto 2. “Informes da Sra. Decana” cando se recolle que “vaise celebrar un seminario sobre o programa Docentia, que será impartido polo Vicedecano Francisco Torres e por un técnico da Área de Calidade”. Pide que se suprima á referencia ó Vicedecano, pois el non impartirá o curso.

Apróbase a acta do 15 de abril de 2016, por asentimento, coa devandita corrección.

2. Informes da Sra. Decana.

A Decana informa de que na planificación da visita de acreditación, hai unha franxa horaria reservada para audiencia pública con calquera persoa interesada. A devandita audiencia será o mércores 27 de abril de 11:30 a 12:00 h.

A Decana informa de que o acto de graduación de RRLI celebrábase o 17 de xuño na Facultade de Filoloxía.

Así mesmo, Decana recorda a petición de libros que debe ser feita por parte das áreas.

Finalmente a Decana informa, para que conste ós efectos oportunos, que por un erro do Decanato, no se convocou á profa. María José Bravo Bosch ás xuntas de facultade, ata a sesión da última Xunta.

3. Aprobación, se procede, do calendario do Centro para o curso 2016/17.

Posto de manifesto, por parte do profesor Orge, un erro na documentación enviada, decídese pospor a aprobación deste punto a unha próxima Xunta.

4. Aprobación, se procede, de horarios para o curso 2016/17.

Debido ó mesmo error explicado no punto anterior, decídese pospor a aprobación deste punto a unha próxima Xunta.

Non obstante, neste momento, se discuten por parte de varios membros da Xunta algunhas cuestións relativas ás preferencias de horarios, así como a determinados erros na proposta enviada. Tal é o caso de solapamento de corenta minutos nas materias “Dereito da UE” e “Derecho constitucional II”.

A profa. Magdalena Barahona pon de relevo as dificultades dalgunhas áreas que contan con un número reducido de profesorado e que están a impartir de xeito simultáneo varias materias.

A profa. Helena Martínez Hens explica que, dado que este curso tivo crases tódolos días, pide que o profesorado de Dereito Administrativo, co que intercambiou horarios no presente curso por iniciativa do mesmo, lle intercambie este ano crases no día martes. Tamén solicita que non teña ningún día cinco horas seguidas de docencia.

5. Aprobación, se procede, do calendario de exames do Centro para o curso 2016/17.

Debido ó mesmo error explicado nos puntos anteriores, decídese pospor a aprobación deste punto a unha próxima Xunta.

Non obstante, diversos membros das Xuntas fan diversos comentarios.

O alumno Miguel Diéguez agradece ós profesores Jaime Aneiros Pereira e Carmen Ruiz Hidalgo que acolleran a petición de que ningún grupo práctico (en canto ós horarios) se fixara os venres. Así mesmo, explica a súa proposta, para a convocatoria de maio, de que se fixe unha semana sen docencia antes do comezo dos exames.

A profa. García Gestoso pide que se roten as datas dos exames para que non sempre sexan as mesmas materias as que ten exames ó final do período e fai referencia a un criterio que pensa aprobouse por consenso na Xunta, tendo en conta as materias do primeiro cuatrimestre, que serían obxecto de exame en xullo en primeiro lugar.

Ponse de manifesto por parte do alumnado algunha errata como a coincidencia no día 8 de maio dos exames das materias "Dereito comunitario" e "Deseño de Planes de Igualdade".

6. Aprobación, se procede, da adaptación da normativa do dobre Grao ADE-Dereito á nova normativa do PCEO aprobada en Consello de Goberno e coas adaptacións introducidas por la Xunta de Facultade de CCEE.

A Decana explica que este punto se debe a que na Xunta de Facultade de Económicas os colegas de Administración de Empresa engadiron no artigo 4.2 o seguinte: "A xestión das mesmas farase dacordo á normativa que se desenvolverá sobre esta cuestión".

Apróbase, por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da suspensión do Máster en Dereito de Empresa.

A Decana explica que razóns orzamentarias impiden que o Máster poida desenvolverse de xeito adecuado, polo que se propón un ano de suspensión.

Apróbase, por asentimento, a suspensión do Máster.

8. Rolda de intervencións.

Non houbo.

Finaliza a reunión ás 14:30, do que como Secretaria dou fe.